



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE XULLO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/406/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "CASA DAS POMAS"- Conceder licenza para a rehabilitación da "Casa das Pomas" na Rúa Nova, 12.

LIC/1659/2017.- JOSÉ UBALDO LÓPEZ BOTANA.- Conceder licenza para a rehabilitación de vivenda e local comercial no edificio situado na Rúa do Vilar, 61.

LAP/86/2018.-BAIRES CAR SL.- Conceder licenza de obras para adecuación de terreo para aparcamento público e compra venda de vehículos no LG Noval, 37.

LIC/1732/2018.- DORINDA BLANCO CARREIRA.- Conceder licenza para reforma de cuberta para reposición da legalidade urbanística na Corredoira das Fraguas, 48.

LIC/597/2019.- ILUNION LAVANDERIAS, S.A.- Conceder licenza para a demolición parcial de nave situada na Vía Pasteur, 19.

SEGREGACIÓNS

LIC/1382/2018.- PEDRO CAJADE ZACARÍAS.- Modificar a relación de lotes resultante da segregación concedida por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela en sesión celebrada o 23 de novembro de 2018 excluindo da mesma a parcela da referencia catastral 15079A50400029.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación da "Casa das Pomas" na Rúa Nova, 12. LIC/406/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a rehabilitación de vivenda e local comercial no edificio situado na Rúa do Vilar, 61. LIC/1659/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para adecuación de terreo para aparcamento público e compra venda de vehículos no LG Noval, 37. LAP/86/2018. Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para reforma de cuberta para reposición da legalidade urbanística na Corredoira das Fraguas, 48. LIC/1732/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a demolición parcial de nave situada na Vía Pasteur, 19. LIC/597/2019. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á modificación da relación de lotes resultante da segregación concedida por acordo adoptado na sesión celebrada o 23 de novembro de 2018, excluindo da mesma a parcela da referencia catastral 15079A50400029. LIC/1382/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento da solicitude presentada no expediente de Patrimonio PTM/26/2019, sobre verificación de existencia de camiño público na Rocha. Rexéitase a solicitude.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións á rehabilitación no ámbito da área de rexeneración e renovación urbana do CASCO HISTÓRICO en desenvolvemento do acordo da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2018. Apróbanse as devanditas bases, destinadas ao financiamento de 25 actuacións da fase 16ª deste ámbito, cunha achega total de 150.000 euros (120.000 Ministerio de Fomento + 30.000 Xunta de Galicia).

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións á rehabilitación no ámbito da área de rexeneración e renovación urbana do BARRIO DE VISTA ALEGRE en desenvolvemento do acordo da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2018. Apróbanse as devanditas bases, destinadas ao financiamento de 128 actuacións da fase 9ª deste ámbito, cunha achega total de 1.280.000 euros (1.024.000 Ministerio de Fomento + 256.000 Xunta de Galicia).

11.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións á rehabilitación no ámbito da área de rexeneración e renovación urbana do GRUPO DE VIVENDAS COMPOSTELA E CARDEAL QUIROGA PALACIOS DO BARRIO DE PONTEPEDRIÑA en desenvolvemento do acordo da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2018. Apróbanse as devanditas bases, destinadas ao financiamento de 20 actuacións da fase 6ª deste ámbito, cunha achega total de 240.000 euros (192.000 Ministerio de Fomento + 48.000 Xunta de Galicia).

12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións á rehabilitación no ámbito da área de rexeneración e renovación urbana do BARRIO DE VITE en desenvolvemento do acordo da Comisión Bilateral de 26 de outubro de 2018. Apróbanse as devanditas bases, destinadas ao financiamento de 64 actuacións da fase 2ª deste ámbito, cunha achega total de 640.000 euros (512.000 Ministerio de Fomento + 128.000 Xunta de Galicia).

13.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

14.- Aprobación de facturas. Recoñécense as obrigas.

15.- Dar conta pola concelleira delegada de Economía e Facenda da corrección de erro no punto nº 25 da sesión de data 24.6.19, de devolución da fianza para responder do contrato de servizo de execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para conciliación da vida laboral, familiar e persoal na ludoteca das Fontiñas, no centro educativo e de lecer "MARIA MIRAMONTES". Dáse conta da corrección do erro.

16.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á cesión provisional do estadio municipal "Verónica Boquete" de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II, a favor da SD Compostela durante 2019/20. Dáse conta da devandita cesión, para que a SD Compostela poida iniciar a súa actividade deportiva e de competición na 3ª División.

17.- Dar conta pola concelleira delegada de Acción Cultural da sinatura do convenio de colaboración entre o concello e a fundación EUGENIO GRANELL 2019, así como proposta para proceder aos pagos parciais correspondentes ao período transcorrido deste ano. Dáse conta da sinatura do convenio, por importe de 130.000 euros, e autorízanse os pagos parciais polo importe proporcional do período xa transcorrido de 2019.

18.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de novas estadias técnicas e residencias de creación artística para proxectos de artes escénicas para o curso 2018-2019, do Concello de Santiago. Apróbase a residencia de Alexandre Pereira, polo seu proxecto "Filosofar a paus", polo período do 15 ao 20 de xullo.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á "Prórroga de aluguer do local sociocultural de As Cancelas". Apróbase a devandita prórroga ata o 15 de xullo de 2020, por un importe de 679,81 euros/mes.

20.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á rectificación do punto nº 31 da sesión de 7.6.19, de adxudicación do servizo de xestión e desenvolvemento das escolas municipais de verán 2019, programa municipal de conciliación; por mor da omisión dos prezos públicos. Rectifícase o acordo, incorporando a aprobación dos prezos públicos, omitidos no mesmo.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e EL CORTE INGLÉS para as festas do APÓSTOLO 2019. Apróbase o convenio, polo que El Corte Inglés achega 6.000 euros.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CENTRO COMERCIAL AS CANCELAS para as festas do APÓSTOLO 2019. Apróbase o convenio, polo que o Centro Comercial As Cancelas achega 4.500 euros.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e GADISA para as festas do APÓSTOLO 2019. Apróbase o convenio, polo que o Gadisa achega 7.260 euros.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA SL para as festas da ASCENSIÓN e do APÓSTOLO 2019-2022. Apróbase o convenio, polo que a Corporación Hijos de Rivera SL achegará 17.000 euros (2019), 18.000 euros (2020), 19.000 euros (2021) e 20.000 euros (2022).

25.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a fundación CIDADE DA CULTURA DE GALICIA para promoción e celebración de actividades de fomento da cultura emprendedora en Gaiás-Cidade da Cultura de Galicia. Dáse conta da sinatura do convenio.

26.- Dar conta de sentenzas. Dáse conta.